

## 1º EXERCICIO: PARTE COMÚN

### INSTRUCCIÓN:

- 1.- Non abra nin lea o interior deste caderno ata que se lle indique.
- 2.- Esta proba consiste nun cuestionario non eliminatorio sobre o contido da parte común do programa, de 10 preguntas tipo test con 2 de reserva, que deberán ser contestadas a continuación do recadro "Común" entre os números C1 e C12, da "FOLLA DE RESPOSTAS".
- 3.- O tempo total de realización do exercicio, é de **15 minutos**.
- 4.- Todas as preguntas teñen catro respostas alternativas, sendo unha a correcta. As respostas correctas sumarán **0,50** puntos, as non contestadas non terán valoración algunha e as contestadas erroneamente restarán **0,125** puntos.
- 5.- Comprobe sempre que o número de resposta que sinale na "FOLLA DE RESPOSTAS" é o que corresponde ao número da pregunta do cuestionario.
- 6.- Este cuestionario debe utilizarse na súa totalidade como borrador das respostas elixidas, para non marcar unha resposta ata estar totalmente seguro/a.
- 7.- A resposta correcta marcarase cun **X** ben feito dentro dos límites do recadro. De ter que anular algunha resposta, o recadro da resposta que se marcou incorrectamente ten que encherse por completo.  
  
Unha vez que se anule, xa non poderá recuperarse de novo dita opción de resposta.
- 8.- Ao rematar o seu exercicio, coloque este cuestionario no chan e espere as indicacións para realizar a continuación o seguinte exame, en unidade de acto. Cando finalice todos os exercicios deberá entregar a "FOLLA DE RESPOSTAS" no lugar que lle indique a organización, onde lle entregarán a última folla autocopiativa. Ao abandonar o recinto NON poderá levar ningún cuestionario de preguntas. O Servizo Galego de Saúde facilitaralle o acceso aos mesmos a través da páxina web: [www.sergas.es](http://www.sergas.es), logo de finalizados os tempos de exame.

**LEA DETIDAMENTE AS INSTRUCCIÓNS  
QUE FIGURAN NO REVERSO DA FOLLA DE RESPOSTAS  
PARA O SEU CORRECTO ENCHEMENTO**

EXAME EN GALEGO

**1. Segundo a Constitución Española, a soberanía nacional reside en:**

- A) As Cortes Xerais.
- B) O Rei.
- C) O Presidente do Goberno.
- D) O pobo español.

**2. Segundo a Lei 3/2001, do 28 de maio, reguladora do consentimento informado e da historia clínica dos pacientes, cal da seguinte información NON se ten que conservar indefinidamente?:**

- A) Informes de alta.
- B) Relación de medicamentos prescritos.
- C) Informes de anestesia.
- D) Folla de evolución e de planificación de coidados de enfermería.

**3. Indica cal das seguintes opcións NON é función do Parlamento segundo o Estatuto de Autonomía de Galicia:**

- A) Elixir de entre os seus membros ao Presidente da Xunta de Galicia.
- B) Esixir, se é o caso, responsabilidade política á Xunta e ao seu Presidente.
- C) Solicitar do Goberno a adopción de Proxectos de Lei e presentar ante a Mesa do Congreso dos Deputados Proposicións de Lei.
- D) Coordinar e dirixir a acción executiva da Xunta de Galicia.

**4. Segundo o réxime de provisión e selección de prazas, indica a opción CORRECTA en relación á mobilidade voluntaria. Os concursantes que obteñan praza deberán cesar na que, no seu caso, desempeñen, dentro de:**

- A) os tres días naturais desde que se publique a resolución definitiva.
- B) os tres días hábiles desde que se publique a resolución definitiva.
- C) os tres días naturais seguintes a aquel en que se publique a resolución definitiva.
- D) os tres días hábiles seguintes a aquel en que se publique a resolución definitiva.

**5. Que retribúe o complemento de destino?**

- A) A especial dificultade técnica do posto de traballo.
- B) O nivel do posto que se desempeña.
- C) O especial rendemento no posto de traballo.
- D) A atención aos usuarios de maneira permanente e continuada.

**6. Segundo a Lei de Prevención de riscos laborais, os delegados de prevención serán designados:**

- A) Por e entre os representantes do persoal.
- B) Polo persoal da empresa en votación directa e secreta.
- C) Pola Inspección de Traballo.
- D) Todas as opcións son correctas xa que depende do número de traballadores da empresa.

**7. Segundo a Lei Xeral de Sanidade, NON é obrigación do cidadán:**

- A) Utilizar as vías de reclamación e de proposta de suxestións nos prazos previstos.
- B) Coidar as instalacións e colaborar no mantemento da habitabilidade das institucións sanitarias.
- C) Cumprir as prescricións de natureza sanitaria determinadas polos servizos sanitarios.
- D) Responsabilizarse do uso adecuado das prestacións ofrecidas polo sistema sanitario.

**8. Os sinais que indican elementos de loita contra incendios ten que ser:**

- A) Rectangulares ou cadradas de cor vermella.
- B) Circulares de cor vermella.
- C) Triangulares de cor vermella.
- D) Rectangulares ou cadradas de cor azul.

**9. De conformidade coa Lei de saúde de Galicia, a hospitalización a domicilio é unha prestación propia do ámbito de:**

- A) A atención primaria.
- B) A atención hospitalaria.
- C) A atención sociosanitaria
- D) A atención municipal.

**10. Segundo o Estatuto Marco do persoal estatutario dos servizos de saúde, cal dos seguintes dereitos NON é un dereito colectivo?**

- A) a libre sindicación.
- B) a non discriminación por razón de nacemento, raza, sexo, relixión, opinión, orientación e identidade sexual, expresión de xénero, características sexuais ou calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social.
- C) a folga, garantíndose o mantemento dos servizos que resulten esenciais para a atención sanitaria á poboación.
- D) son correctas a) e c).

Preguntas de reserva

**1. Segundo a Lei de Prevención de riscos laborais, o empresario aplicará as medidas que integran o deber xeral de prevención con arreglo aos seguintes principios xerais:**

- A) Combatir os riscos na súa orixe.
- B) Adoptar medidas que antepoñan a protección individual á colectiva.
- C) Ter en cuenta la evolución de la técnica.
- D) Son correctas a) e c).

**2. Segundo a Lei Xeral de Sanidade, os servizos sanitarios adecuarán a súa organización e funcionamento aos principios de:**

- A) Eficiencia, economía e flexibilidade.
- B) Eficacia, celeridade, economía e flexibilidade.
- C) Eficacia, celeridade, economía e transparencia.
- D) Eficacia, eficiencia, efectividade e flexibilidade.